

# **Un “Camiño de Santiago cheo de vida, cultura, natureza e ecoloxía”**

O traballo avanza e o alumnado de 1º e 2º ESO que está participando no Proxecto Agrupacións de Centros Escolares desenvolveu ao longo de xaneiro e febreiro, diversos traballos de investigación dende as materias de Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química sobre a parte do Camiño de Santiago que pasa pola cidade de Ourense, a *Vía da Plata*, Camiño Mozárabe, no tramo que vai dende Portela de A Canda ata Vilar de Barrio, pasando por Laza e por Verín.

Elaboráronse 5 trípticos e presentacións sobre o significado do Camiño de Santiago, o Patrimonio histórico e xeográfico, o patrimonio natural representado polo Parque Natural de O Invernadoiro, o entroido como desenvolvemento do apartado cultural e a reciclaxe e reutilizaciún do vidro, como actividade de sensibilización medioambiental.

A semana do 6 ao 10 de marzo se fixo a primeira mobilidade a Canarias, centro de acollida o IES Tomás de Iriarte en Santa Cruz de Tenerife. Nesta experiencia participaron cinco alumnas que compartiron vivencias co alumnado de Almeria, Murcia e Tenerife, expuxeron e mostraron a parte do Camiño traballada. Nos 5 días que durou a mobilidade participaron nas actividades propostas polo centro de acollida tanto no centro educativo como fóra, primeiro en Santiago del Teide e logo en Santa cruz de Tenerife. Percorrenon un anaco do Camiño de Santiago “Ruta Jacobea Tinerfeña” entre preciosos améndoos en flor ata chegar ao lugar onde se ubica a Porta Santa. Achegamonos a coñecer o Teide, facendo unha ruta polo entorno de Las Lagunetas e o “Bosque del Adelantado” en La Esperanza. Participaron en labores de voluntariado ambiental: limpeza e eliminación de especies vexetais invasoras e eliminación de residuos na praia de Almaciga.



Rematou a semana cunha pequena visita a cidade de Santa Cruz de Tenerife e a San Cristobal de la Laguna,





Algunha fotillo máis:

<https://photos.app.goo.gl/u5J9q4GprVUaLBLM9>

Os medios de comunicación local fixeronse eco da visita

<https://www.instagram.com/p/CppSWQEockl/?igshid=YmMyMTA2M2Y=>

<https://www.instagram.com/p/CpkQGpdI0xj/?igshid=YmMyMTA2M2Y=>

[https://m.facebook.com/story.php?story\\_fbid=pfbid02fFq1VfA3u2T34NkD3zXiL4nCtVaYRojLCbNEm9eUCB2Cwqd8dACnpM4dzQnsBu9Nl&id=100066792827631](https://m.facebook.com/story.php?story_fbid=pfbid02fFq1VfA3u2T34NkD3zXiL4nCtVaYRojLCbNEm9eUCB2Cwqd8dACnpM4dzQnsBu9Nl&id=100066792827631)

<https://diariodeavisos.elespanol.com/2023/03/camino-de-santiago-en-tenerife/>